



Concello de Vigo

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 30 de outubro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

5.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO. EXPTE. 14723/77.

Dáse conta do informe-proposta do 26/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, aprobouse a "Convocatoria e a bases reguladoras das "BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO".

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 19, do 26 de xaneiro de 2018 e o extracto da convocatoria remitidos pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 36 de data 20 de febreiro de 2018 e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (21/02/2018 ao 06/03/2018).

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2018, aprobou o OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA O "FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO"

Na resolución definitiva aprobada na devandita Xunta de Goberno Local, detectouse un erro: O expdte. 15032/77 figura a nome de MARTA MARIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ co NIF 36133287B, cando ésta é a representante da empresa solicitante DESARROLLO E INNOVACION MEDICA C.B. e NIF E27822725 que é a empresa solicitante da subvención; polo que procede corrixir este erro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A tenor do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/1995, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Da mera consulta do expediente 15032/77 pode advertirse a existencia do erro material detectado, polo que resulta procedente dar cumprimento, unha vez corrixido o erro detectado, á publicidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 08:52	Páxina 1 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A5AH4F-C4A23H-C42FDF-XXN3U1-J5LNPR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esixida na Base de Datos Nacional de Subvencións da rectificación dos datos da entidade beneficiaria, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do disposto no artigo 109.2 da LPAC, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Corrixir o erro detectado no acordo adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2018 da Xunta de Goberno Local de OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA O “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO” onde di: MARTA MARIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ co NIF 36133287B debe dicir: DESARROLLO E INNOVACIÓN MEDICA C.B. e NIF E27822725.

SEGUNDO: Proceder á publicidade esixida na Base de Datos Nacional de Subvencións mediante a corrección dos datos da entidade beneficiaria, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados no expediente 15032/77, con indicación de que será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

JRB/me
V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 08:52	Páxina 2 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A5AH4F-C4A23H-C42FDF-XXN3U1-J5LNPR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		